

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Subliña e clasifica os artigos.

A xente di que só hai peixe nas augas da Illa. As redes énchense moi rápido. Uns barcos saen a pescar ao amencer. Unhas mulleres venden na lonxa a captura.

- Artigos determinados → _____
- Artigos indeterminados → _____

2. Escribe un artigo diante de cada substantivo.

Artigos determinados	
• _____ río	• _____ gaiola
• _____ portas	• _____ gatos

Artigos indeterminados	
• _____ pallaso	• _____ follas
• _____ pedra	• _____ sofás

3. Subliña os demostrativos e rodea os substantivo ao que se refire.

- Aquela bicicleta é mais grande ca esta.
- Eses coches serán vendidos por aquel vendedor.
- Este bolso regaloumo a miña tía.
- Esas rapazas comen cenorias.

4. Analiza e clasifica os determinantes.

as ondas esas zapatillas os manteis esta praia aquela ovella o poliño

	Clase de palabra	Xenero	Número
as	artigo	femenino	plural

5. Analiza morfoloxicamente o seguinte grupo de palabras.

- Aquelas enormes rochas.

	Clase de palabra	Xénero	Número
Aquelas			
Enormes			
Rochas			

Unidade 3. De leria

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Rodea de vermello a sílaba tónica das seguintes palabras.

café	húmido	detective	funil
camións	león	color	túnel
inzado	campá	calcetín	anís
compás	pendóns	rapaz	morcego

7. Escribe as palabras anteriores que teñan a sílaba tónica no último lugar.

8. Clasifica as palabras anteriores segundo o seu remate. Despois, colorea de vermello as que leven acento gráfico.

vogal	-n	-s	-ns	consoante distinta de -n ou -s

9. Agora escribe ti catro palabras agudas que leven acento gráfico.

10. Escribe dúas palabras agudas que non leven acento gráfico.

11. Ditado.

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

12. Le este conto.

Un rapaz viaxa de vacacións a un pazo. Percorre todas os cuartos, agás un ao que nin se achega por medo á escuridade. Xustamente nesa zona do pazo vive unha medrosa pantasma multicolor que non se atreve a saír de alí por medo á claridade. Os dous tentan superar os seus medos sen éxito, ata que un día o rapaz se arma de valor e comeza a atravesar o corredor escuro, mentres se imaxina que ao outro lado están os seus amigos cunha festa sorpresa. Así chega ata a pantasma que, ao velo, se alegra moito de coñecer a alguén co que xogar, así que se fan amigos e o rapaz axúdao superar o medo á claridade.

Pedro Pablo SACRISTÁN

13. Esta narración conta feitos reais ou fantásticos?

14. Responde as seguintes preguntas.

• Cal é o protagonista do conto? _____

• Que lle ocorre? _____

• Cal é o desenlace? _____

15. Escribe un pequeno conto no que o protagonista atope...

...unha lámpada máxica.

...un xenio que non sabe como conceder desexos.

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

16. Completa coas palabras das cartelas (que son os tipos de dicionarios).

bilingües

normativos

enciclopédicos

técnicos

sinónimos e antónimos

- Os dicionarios _____ recollen por orde alfabética as palabras co seu significado.
- Os dicionarios _____ inclúen información sobre distintos temas
- Os dicionarios _____ empréganse para traducir palabras dunha lingua a outra.
- Nos dicionarios _____ podemos atopar palabras de igual significado ou de significados contrarios.
- Os dicionarios _____ recollen palabras específicas dun campo do saber: Bioloxía, Medicina, Matemáticas...

17. Completa.

- Que dicionario utilizarías para...

→ Traducir unha palabra do inglés.

→ Facer un traballo da historia de Galicia.

→ Buscar as palabras sinónimas da palabra **vello**.

→ Buscar os determinantes.

